

SEMINARIO

## **A Relixiosidade Popular en Galicia: Sinal de Identidade Cultural**

Mércores 25 de setembro

De 9:30 a 14:00 h e de 16:00 a 20:00 h

Edificio Castelao

Organiza: Museo de Pontevedra

Dirixe: José Fuentes Alende

Logo de aprobar a Deputación de Pontevedra a súa moción fundacional o 29 de decembro de 1927 e abertas as súas portas no pequeno pazo urbano do s. XVIII da familia Castro Monteagudo o 9 de agosto de 1929, o Museo de Pontevedra viña a tomar o relevo da benemérita Sociedad Arqueolóxica, cuxos fondos incorporaría trala súa disolución en 1937. Cos mesmos fins de salvagardar e estudar todo o referente á cidade e á provincia, a nova institución fixo desde un principio gala da súa universalidade, tanto territorial coma tematicamente, estendendo o seu radio de actuación a toda Galicia e a máis alá das súas fronteiras, e sen constrinxila só aos aspectos materiais da arqueoloxía e da arte, senón abarcando asemade todo o relacionado coa etnografía e coa antropoloxía cultural, incluídas as diversas manifestacións inmateriais, coma as de relixiosidade popular.

É por iso que á hora de incorporar fondos se tiveron en consideración tamén elementos mediante os que a poboación galega se relacionaba coa divindade para pedir ou agradecer un favor de entre os que xa ingresaron diversos tipos de exvotos, coma os etruscos de terracota, ou os de cera, aínda hoxe plenamente vixentes, así coma os moldes de xeso empregados para a súa elaboración, ou tamén a importante colección de acibeche compostelán, moi relacionado cunha importante manifestación de relixiosidade que abrangue máis alá do noso territorio, como é a peregrinación a Santiago, e tamén estampas de diversas imaxes levadas polos romeiros de distintos santuarios, medallas relixiosas e novenas impresas que se lían nos templos pagadas para impetrar a intercesión e conseguir o favor.

O Padroado do Museo tivo moi presente a relixiosidade do pobo á hora de programar a instalación de salas, polo que, trala ampliación de espazos coa incorporación en 1943 do edificio García Florez, dispuxo na planta baixa, como continuación das salas navais e da dedicada aos mareantes pontevedreses, a simulación dunha sinxela capela presidida pola imaxe de san Telmo, protector dos mariñeiros e navegantes, ambientada con diversos exvotos, coma un cadro ofrecido á virxe do Carme por un home de mar en perigo, as maquetas de barcos e as diversas figuras de cera.

Esta característica tívose en conta tamén en consideración para a programación de actividades. En canto a exposicións, son de citar a primeira, organizada en 1940, dedicada aos recordos gremiais dunha festa tan pontevedresa e popular coma a do Corpus, obxecto dun profundo estudo publicado na revista *Ofrecidos*, con fotografías tomadas por Tino Martínez nas romaxes do Nazareno da Pobra do Caramiñal, dos Milagres de Amil (Moraña) e do Corpiño (Lalín), que sería convertida en itinerante, publicadas en respectivos libros, as dedicadas á Virxe Peregrina, cuxo culto xa fora estudado e publicado, en 1971 e 2004, esta no marco do Xacobeo, cun extenso

libro-catálogo, ou a que se organizou en 1987 sobre un tema inédito en Galicia, os exvotos mariñeiros, patrocinada pola Secretaría Xeral do Consello de Europa dentro da programación de Carrefour des Régions d'Europe, consistente nunha selección de corenta exemplares para seren exhibidos con outros tantos bretóns primeiro en Brest (Francia) e logo en Pontevedra, con catálogo fotográfico e comentarios de cada un dos exemplares. Tema este o dos exvotos, en xeral, que sería incluído no programa da catalogación arqueolóxica e artística de Galicia sufragada pola Fundación Pedro Barrié de la Maza e elaborada no Museo, e que logo seguirá sendo obxecto de catalogación e investigación.

Un patrimonio material de suma importancia na relixiosidade popular de Galicia, os cruceiros, mereceu tamén a atención do Museo, que publicou estudos sobre eles, como os da parroquia de Campañó (Pontevedra), os de Fisterra e Corcubión ou os de Valga, e que foron obxecto dun ciclo de conferencias e incluídos como un dos temas dos concursos escolares convocados polo Padroado, concursos nos que se incluíu asemade o tema de relixiosidade popular e os costumes relixiosos.

Todo o que antecede, xunto coa recente publicación do cumprido traballo titulado *Los exvotos en Galicia. Su significación en la religiosidad popular: de la cera a los cuadros votivos* e da exhibición da mostra *A era das fábulas*, na que está presente unha ampla selección dos moldes de escaiola para a elaboración de exvotos de cera, leva ao Museo de Pontevedra a organizar este seminario sobre a relixiosidade popular en Galicia como sinal de identidade popular, no que destacados especialistas abordarán diversos aspectos do comportamento e do sentir relixioso do pobo galego desde o pasado ata o día de hoxe.

Poñerase sobre a mesa a situación actual deste conxunto de prácticas relixiosas, que en determinados casos son obxecto de atrancos por parte de certas autoridades eclesiásticas, criticadas por investigadores, e obxectivo dos medios de comunicación, que as presentan como propias de civilizacións anticuadas, dunha sociedade acultural, e que as poñen en ridículo, como algo irrisorio, sen ter en conta que forman parte dunha cultura propia e que identifican un pobo como, o galego.

Non teñen en conta os devanditos “detractores” que todas estas manifestacións están recoñecidas e protexidas pola lexislación vixente. En primeiro lugar, pola Lei do patrimonio histórico español, de 1985 cando di que forman parte del as actividades propias “da cultura tradicional do pobo español nos seus aspectos materiais, sociais ou espirituais”, para a continuación abondar en que a Administración ha de facilitar o seu estudo e documentación cando estean en perigo de desaparición.

Polo que respecta á nosa Comunidade, a Lei do patrimonio cultural de Galicia, de 2016, derogatoria da de 1995, pon de manifesto que forman parte del “as manifestacións inmateriais que polo seu valor [...] etnolóxico, antropolóxico [...] deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo”, ao tempo que incide na súa función “[...] como elemento de carácter identitario”, responsabilizando a Administración da súa salvagarda, para asegurar que forman parte do patrimonio etnolóxico “[...] as crenzas, coñecementos, actividades e técnicas transmitidas por tradición, que se consideren relevantes ou expresión testemuñal significativa da identidade, a cultura e as formas de vida do pobo galego ao longo da historia”, nas que sen dúbida han de ser incluídas as manifestacións da nosa relixiosidade popular.

## PROGRAMA

### Sesión de mañá (de 9:30 a 14:00 h)

#### 9:30 h Presentación do seminario

M.ª de los Ángeles Tilve Jar, directora do Museo de Pontevedra

José Fuentes Alende, director do seminario

#### 9:45 h “As ordes relixiosas na conformación da relixiosidade popular”

Salvador Rodríguez Becerra, Universidade de Sevilla

**Resumo:** As ordes relixiosas nadas na Baixa Idade Media e nos séculos posteriores, aínda que cuestionaban a estrutura de poder na que se converteu a Igrexa cristiá, constituíronse no elemento máis dinámico, utópico e evanxelizador da institución. Fronte á Igrexa diocesana, enriquecida e ennobrecida polos reis con cuantiosos bens e polo imposto do décimo, as ordes mendicantes contaron co apoio da nobreza e os concellos das vilas nos momentos fundacionais, coa axuda dos patróns, as esmolos do pobo e o seu labor eclesiástico impartindo os sacramentos e sacramental, así como da predicación. A especial acción catequética e a imprescindible axuda dos fieis fixeron que os frades en xeral fosen mellor aceptados, e os seus rituais, crenzas e espiritualidade, introxectados polo común das xentes e a sociedade no seu conxunto. Este proceso, pasado pola peneira das propias crenzas ancestrais, aceptando unhas e rexeitando ou modificando outras —de aí a diversidade da relixiosidade popular segundo sociedades e culturas— deu lugar á chamada relixiosidade popular.

**Nota biográfica:** Catedrático de Antropoloxía Social da Universidade de Sevilla, Salvador Rodríguez Becerra realizou traballo de campo en Andalucía, Estremadura e Centroamérica, e publicou 27 libros e máis de 350 artigos sobre relixiosidade, exvotos, festas, patrimonio, Semana Santa e ordes relixiosas en Andalucía e Estremadura. Dirixiu o Museo de Artes e Costumes Populares de Sevilla (1989-1991), a revista *Demófilo* (1987-2001, 36 vols.), coordinou a área de cultura do Foro Andalucía no Novo Século (1999) organizado pola Junta de Andalucía, o Proxecto Andalucía. Antropología (2001-2004, 12 vols.) da Editorial Hércules, o Grupo de Investigación e Estudos sobre a Relixión en Andalucía (Giesra) e publicou entre outros: *Exvotos de Andalucía. Milagros y promesas en la religiosidad popular* (1980), *Religión y fiesta* (2000), *Fiestas de moros y cristianos en Galicia y Andalucía* (2007), *La religión de los andaluces* (2006), *La Semana Santa en Caminos de Pasión* (2019) e *El convento de San Francisco de Palma del Río* (2024). É fillo predilecto de Zahara de la Sierra desde 2022 e case todas as súas publicacións están dispoñibles en internet, nas seguintes ligazóns:

<https://us.academia.edu/SalvadorRodr%C3%ADguezBecerra?nbs=user>

[https://www.researchgate.net/profile/Salvador\\_Rodriguez-Becerra](https://www.researchgate.net/profile/Salvador_Rodriguez-Becerra)

<https://dialnet.unirioja.es/metricas/investigadores/17993>

### 10:30 h “Notas de relixiosidade popular galega a partir de exemplos do APOI do Museo do Pobo Galego”

José Manuel González Reboredo, etnógrafo

**Resumo:** Tomando como guía auxiliar algúns materiais e tamén audiovisuais incorporados ao Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade (Museo do Pobo Galego) e referidos a romarías coma a de San Adrián do Mar de Malpica, Nosa Señora da Franqueira e Santa María da Cabeza (Teo), ou a Festa do 3 de Maio de Laza, tratarase de matizar ou aclarar algúns tópicos que se veñen repetindo na temática da relixiosidade popular, entre eles o da súa relación coas clases ou sectores marxinais ou desfavorecidos, que os seus practicantes se manifestan como *communitas* máis que como *societas*, ou as semellanzas formais co paganismo precristián. No caso de Galicia hai que destacar, así mesmo, que as e os antigos santos resisten como referentes mellor que noutras partes da península, máis dominadas pola Virxe ou mesmo por Cristo.

**Nota biográfica:** Natural de Lugo (1946). Etnógrafo. Catedrático numerario de institutos de ensino medio en situación de xubilación administrativa. Exdirector da Sección de Etnografía do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, exmembro da Ponencia de Antropoloxía Cultural do Consello da Cultura Galega. Correspondente da Real Academia Galega e membro do Padroado e do Instituto de Estudos das Identidades do Museo do Pobo Galego. Fixo investigacións etnográficas de campo en diversos lugares de Galicia, León e o norte de Portugal, entre elas nas partes galega e leonesa da Serra dos Ancares. Colaborou como organizador ou relator en simposios, congresos ou ciclos de conferencias en Galicia, Portugal, Cataluña, o País Vasco, Navarra, Castela-León, Madrid, Extremadura, Andalucía ou Portugal. Conta con dúascentas publicacións en medios de Galicia, no resto de España, os Países Baixos e Portugal (libros, relatorios en congresos e revistas). Recibiu en 2012 o Premio Vicente Risco de Ciencias Sociais polo seu estudo sobre os santos titulares de parroquia en Galicia, e recentemente foille concedida a Insignia de Ouro do Museo do Pobo Galego.

### 11:15 h Descanso

### 11:45 h “As romarías de Galicia: imaxes e símbolos”

José Ramón Mariño Ferro, antropólogo cultural

**Resumo:** A romaría é un excelente exemplo do que Marcel Mauss chamou «feito social total», que inclúe relixión, economía, comercio, gastronomía, familia, amor, relacións sociais, lecer e tamén unha rica linguaxe simbólica, aspecto no que se centrará a miña exposición. A grandeza das romarías radica en responder, como poucas manifestacións culturais, á complexidade das necesidades, aspiracións, desexos e sentimentos dos seres humanos, ou sexa, á complexidade da vida. Nun breve comentario comparativo sobre as imaxes tratarei de mostrar que a opción católica non era a única posible. Dos símbolos das romarías analizarei cun pouco máis de detalle os lugares de emprazamento dos santuarios, a purificación, os ritos indicativos, o valor de signo dalgúns exvotos e o significado xeral da peregrinación, que aclara, ademais, o verdadeiro sentido dunha das crenzas máis enigmáticas —aparentemente— da nosa tradición.

**Nota biográfica:** Nacido en Castrofeito, O Pino, licenciado en Antropoloxía Americana pola Universidade Complutense e doutor en Antropoloxía pola Universidade Autónoma de Madrid. Realizou traballos de campo en Bolivia e en Galicia. Froito da estancia entre os indios bolivianos é a monografía *Muerte, religión y símbolos en una comunidad quechua*. De temática exclusivamente galega son os libros *Antropoloxía de Galicia* e *Autobiografía dun labrego*. Estuda diversos aspectos da cultura popular galega e europea en *Satán, sus siervas las brujas y la religión del mal*; *La medicina popular interpretada*; *Las romerías/peregrinaciones y sus símbolos*; *La medicina mágica*; *O entroido ou os praceres da carne*; *Los cuentos maravillosos*; *Diccionario del simbolismo animal*; e *Imágenes de la mujer y del hombre*. Pódense consultar algúns textos na páxina web [marinoferro.com](http://marinoferro.com).

### 12:30 h “Aproximación aos cintos máxicos. Entre a relixión e a superstición na profilaxe infantil”

Susana González, Centro de Arte FMJJ

**Resumo:** A tradición de utilizar amuletos protectores para a infancia ten raíces que se estenden desde a prehistoria ata o século XX. Os recién nados, ao seren especialmente vulnerables a enfermidades e á mortalidade prematura, eran protexidos mediante amuletos que combinaban elementos pagáns, pseudorelixiosos e relixiosos, moitos dos cales foron posteriormente cristianizados. En España, durante o século XVII documéntase o uso de cintos de lactación, coñecidos tamén como cinguidores. Estes cintos, colocados na cintura dos lactantes, estaban constituídos por unha variedade de amuletos destinados a protexer os máis pequenos de enfermidades, feitizos e o mal de ollo. Esta práctica exemplifica o sincretismo cultural, ao fusionar crenzas relixiosas e supersticións pagás nun contexto no que o máxico e o sobrenatural estaban estreitamente entrelazados coa protección infantil. Os materiais e formas utilizados nestes cintos eran variados e incluían elementos animais, vexetais e minerais como figas de acibeche, ramas de coral ou chupadores de cristal de rocha, así como campaiñas, axóuxeres, mans de teixugo, dentes ou cornos animais e símbolos relixiosos coma cruces, medallas ou reliquias, entre outros. Estes amuletos ofrecían non só protección sobrenatural, senón que cumprían funcións médico-preventivas, lúdicas e decorativas. A tradición reflíctese en pinturas da Corte dos Austrias, en exvotos, e esténdese a América durante o período vicerreinal, adaptándose no novo contexto cultural.

**Nota biográfica:** Comisaria, xestora cultural e investigadora, Susana González é licenciada en Belas Artes pola Universidade do País Vasco e completou un Diploma de Estudos Avanzados en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela. Fundadora de Consultarte, unha consultora especializada en xestión cultural, desenvolveu proxectos en contextos públicos e privados. Entre 2017 e 2022 codirixiu o programa de residencias artísticas Charco, un proxecto de investigación e transversalidade creativa que conecta Latinoamérica e Europa. Desde 2019 dirixe o Centro de Arte Fundación María José Jove, onde xestiona a súa colección e coordina un programa integral de apoio á creación contemporánea, que inclúe bolsas, residencias artísticas e premios, entre outras accións. Comisariou exposicións en institucións coma o Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) en Santiago de Compostela, o Museo de Arte Contemporánea de Castela e León (MUSAC) en León, a Fundación Cerezales Antonino e Cinia en Cerezales del Condado (León), e o Museo de Arte de Zapopan (MAZ) en Guadalajara, México. Tamén traballou no Espazo de Intervención Cultural NORMAL da Universidade de Santiago de Compostela, na Coruña,

e no Museo de Pontevedra. Estes proxectos inclúen artistas coma Irma Álvarez-Laviada, Belén Rodríguez, Sonia Navarro, Patricia Esquivias, Luciana Lamothe, Sofía Táboas, Sergio Prego, Regina de Miguel, Adriana Bustos, Pedro Cabrita Reis, Irene Kopelman ou Rubén Santiago, entre outros. Ademais do seu labor como comisaria, participou en xurados e programas de mentoría e publicou diferentes artigos sobre cultura visual.

### **13:15 h “Os santos das catacumbas en Galicia: historia e devoción”**

Clodio González Pérez, mestre, etnógrafo e historiador

**Resumo:** En 1578 descóbrense a primeira catacumba de Roma; comeza entón a exhumación dos restos e o seu reparto por todo o mundo. Os primeiros que se rexistran en Galicia pertencen a san Vitorio e están na catedral compostelá desde 1789. No mesmo século XVIII tamén chegaron os de san Campio a Entíns e de santa Orícera ao convento das carmelitas de Santiago. Os de santa Minia retiráronse nesta época, mais para Brión non se trouxeron ata 1847. Os restantes xa son do século XIX: san Vicente do convento de Santa Clara, Pontevedra; san Xusto de Bemil, Caldas de Reis; san Cándido e santa Constanza de San Miguel dos Agros, Santiago; san Fidel de Carril e santa Plácida de Rubiáns, Vilagarcía de Arousa; san Pexerto de Buciños, Carballedo etc. Antano gozaron de moita devoción, aínda que actualmente os únicos que a manteñen son san Campio e santa Minia. Aos santuarios acoden as e os ofrecidos aos actos relixiosos, levan a termo algún ritual especial cando existe, e deixan exvotos de cera, candeas e esmolos. No relativo ás doenzas, en xeral fóronse adaptando ás predominantes en cada época e ás circunstancias sociais; así, por exemplo, os mellores anos de San Campio corresponden aos das guerras de África e da Guerra Civil.

**Nota biográfica:** Cenlle (Ourense, 1947). Mestre, etnógrafo e historiador. Académico correspondente da Real Academia Galega e cronista oficial do concello de Cenlle. Premio nacional de prensa do certame Artesanía, Tradiciones y Costumbres de España do Ministerio de Cultura, en 1984, 1985, 1986 e 1987; premio de investigación da Deputación Provincial de Pontevedra en 1987 e 1992, e da Deputación de Ourense en 2008 etc. En 2013 recibiu o Premio Lois Peña Novo pola súa traxectoria vital como investigador no campo da etnografía e da historia de Galicia. É autor de libros, traballos de investigación e artigos xornalísticos, en particular sobre o tema do relatorio: *Brión. Historia, economía, cultura, arte, –historia de Santa Minia–*, (1998, 2003, 2016); *Reliquias e relixiosidade popular en Galicia* (2008); *Campio: un santo das catacumbas en Galicia. O seu culto en Entíns (Outes) e Figueiró (Tomíño)* (2019), e outros.

### **Sesión de tarde (de 16:00 a 20:00 h)**

#### **16:00 h “Os exvotos en Galicia: o pasado e o presente. O futuro?”**

José Fuentes Alende, investigador, exsecretario técnico do Museo de Pontevedra

**Resumo:** Os primeiros testemuños materiais da práctica exvotiva en Galicia son as numerosas aras romanas, o que non significa que non houbo outro tipo de ofrendas, coma figuras de cera ou de madeira, citadas, fóra do noso territorio, xa no século IV d. C., e na

Idade Media nas Cantigas de Santa María de Afonso X, con exemplos gráficos nas súas ilustracións miniadas. Logo, os exemplos de ofertas de cadros, desde comezos do século XVII, que nos documentan exvotos en especie, coma animais vivos, peregrinacións ao santuario e certos rituais; tamén maquetas de barcos, figuras de cera, fotografías... Na actualidade seguen a verse nos nosos santuarios os máis deses ofrecementos á divindade segundo a súa “especialidade”, estando a cera presente en case todos, romeiros chegados a pé e dando voltas arredor do templo, billetes pendurados do manto da imaxe, poxas para levala un tempo durante a procesión, ringleiras para o pagamento de misas, ofrecidos a levar o cadaleito ou ir nel e vestindo o hábito correspondente. Ofrecementos todos eles, materiais ou inmateriais, feitos por un voto e, polo tanto, exvotos.

**Nota biográfica:** Xosé Fuentes Alende ingresou no Museo en 1969 como bolseiro, e pasou logo a subalterno, administrativo e secretario mediante oposición en 1991. Representou o Museo en numerosas ocasións nas reunións das institucións ás que pertencía, especialmente nas do Consello Galego de Museos e do Museo do Pobo Galego. Foi membro da Comisión de Antropoloxía do Consello da Cultura Galega e participou en congresos e simposios sobre temas de museoloxía e de antropoloxía cultural, en especial de relixiosidade popular. En 1987 encargoulle o Museo a selección de exvotos mariñeiros en Galicia para incluír na mostra que con outros orixe bretoa se exhibiu en Brest e Pontevedra, tema este dos exvotos no que continuou investigando, grazas ao que conseguiu en 2017 o Premio Olímpico Arca convocado polo Concello de Cuntis cun resumo axeitado ás bases, e ten preparado para a súa publicación un extenso libro. Fixo a transcrición do orixinal de José Casal custodiado no Museo sobre xogos populares en Pontevedra, publicado coa súa introdución e notas polo Consello da Cultura Galega. Afeccionado á escritura, logrou o primeiro premio no concurso de contos infantís O Facho, un accésit no da IV Romaría Etnográfica Raigame e publicou o libriño *Xanciño de Zoxín, o can Canito e o coello Coli*. Acaba de publicar o libro *Os exvotos en Galicia. A súa significación na relixiosidade popular*, percorrido pola historia e polo significado destes elementos característicos da relixiosidade popular galega.

### 16:45 h “Fabricación e venda de exvotos de cera”

Joaquín Diéguez Quintas, cereiro

**Resumo:** Durante a súa intervención neste seminario, Joaquín Dieguez Quintas abordará a historia da emblemática cerería familiar que dirixe e que a día de hoxe realiza unha produción diversificada —desde cirios funerarios, candeas litúrxicas, decorativas, para celebracións, festividadeas sinaladas, candeas artísticas e esotéricas—, tanto na fábrica de Pontecesures, como na tenda situada en Pontevedra. Joaquín Diéguez Quintas explicará en que consisten as técnicas artesanais que manteñen a esencia da produción tradicional de exvotos de cera e a realización mediante un proceso especial que consiste en formar a candeas mediante capas sucesivas.

**Nota biográfica:** Joaquín Diéguez Quintas é representante da cuarta xeración de Cerería Diéguez, unha fábrica cereira que mantén unha tradición vixente desde fai máis de cen anos e que ao longo do tempo conservou as formas tradicionais de fabricación artesanal.

**17:30 h Descanso**

**18:00 h “A relixiosidade popular desde a súa raíz teolóxica”**

Andrés Torres Queiruga, sacerdote, teólogo e escritor

**Resumo:** Tentando ir máis alá da superficie narrativa, nesta conferencia mostrarase o fondo desde onde nace a relixiosidade popular e a súa sabedoría. Non se trata de anular, senón de afondar e actualizar, o que non significa excluír a necesidade da súa actualización teolóxico-cultural, sempre que se faga desde a súa raíz e con respecto.

**Nota biográfica:** Tras ser ordenado sacerdote, Andrés Torres Queiruga estudou en Alemaña e estivo dous anos en Roma preparando a súa tese de doutoramento en Teoloxía sobre o teólogo Amor Ruibal. Doutor en Filosofía, é catedrático de Teoloxía Fundamental no Instituto Teolóxico Compostelán e de Filosofía da Relixión na Universidade de Santiago de Compostela. É membro numerario da Real Academia Galega e foi membro electo do Consello da Cultura Galega. Foi un dos fundadores e director da revista *Encrucillada: Revista Galega de Pensamento Cristián* e director da Asociación Encrucillada. É autor de numerosos libros e artigos, ademais de membro dos consellos de redacción de varias revistas relixiosas.

**18:45 h Mesa redonda**

Moderadora: Erea Castro Alfonso, conservadora de fondos etnográficos do Museo de Pontevedra